

REGULAMENTO PARA A CONCESIÓN DAS MEDALLAS DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

A Medalla do Consello da Cultura Galega (CCG) créase para recoñecer o labor daquelas persoas que colaboran co Consello no desenvolvemento das súas actividades e, nomeadamente, na súa acción exterior.

Servirá, asemade, como un medio para promover a súa colaboración e implicación coa cultura galega.

Artigo 1

A Medalla do Consello da Cultura Galega seralle concedida a aquelas persoas físicas que, pola relevancia e significación da súa actividade, sobresaian dun xeito especial nos servizos prestados ao Consello ou á cultura galega en xeral.

A Medalla non poderá ser atribuída a persoas que no momento da súa concesión pertenzan ou formen parte dalgún órgano do CCG.

En ningún caso poderán concederse máis de dúas medallas por ano natural.

Artigo 2

A Medalla será realizada en bronce dourado, terá unha forma octogonal e un tamaño de 8 cm de ancho, cun anel na parte superior.

No anverso da Medalla figurará o escudo do Consello, en esmalte branco e azul, e a inscrición CONSELLO DA CULTURA GALEGA, e no reverso terá a inscrición Medalla do CONSELLO DA CULTURA GALEGA, cun espazo libre para o nome da persoa a quen se lle outorga e o ano.

Estendérase un diploma acreditativo da concesión, que irá asinado polo presidente/a e secretario/a do CCG.

Artigo 3

Correspóndelle ao Pleno do Consello a concesión da Medalla, previa proposta da Comisión Executiva.

A proposta deberá acompañarse dunha memoria en que se expoñan os motivos e circunstancias que concorran na concesión da Medalla.

Artigo 4

A concesión será notificada á persoa mediante oficio do secretario ou secretaria do Consello.

Artigo 5

A imposición da Medalla farase en acto público e solemne.

Artigo 6

A Secretaría do Consello levará un Libro-Rexistro no que constará a data de entrega e o receptor ou receptores. Este rexistro será público e estará custodiado polo secretario/a.

Artigo 7

Sen prexuízo do anterior, o Consello fará públicas todas as distincións na súa sede electrónica e polos medios que garantan unha acaída difusión da súa concesión.